



# BOP

MÉRCORES, 16 DE MARZO DE 2022

N.º 061

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 6 de xuño de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle ó Concello de Oourol, unha concesión dun caudal de auga de 1,04 l/s procedente do regato Besteburiz, no lugar de Besteburiz, parroquia de Miñotos, no concello de Oourol (Lugo), con destino a abastecemento á parroquia de Miñotos.

Número Expte.: **DH.A27.06035**

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2022.- A subdirectora Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán.

R. 0536

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

##### *Anuncio*

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado MODIFICADO Nº 1 LMT DERIVADA VILARBASÍN (EXP. 3/2014-AT) (CONCELLO DE PORTOMARÍN)

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **11 de maio de 2022** convócaselles ó pagamento dos predios 4, 23, 26, 29, 30 e 31 na Casa do Concello de Portomarín segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir os propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 7 de marzo de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0537

### CONCELLOS

#### ALFOZ

##### *Anuncio*

#### Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 11 de marzo de 2021 os seguintes padróns correspondentes ao primeiro trimestre de 2021:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, exponse ó público polo prazo de quince días contados desde o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 7 de abril ata o 7 de xuño de 2022, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Alfoz, 11 de marzo de 2022.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0538

## OUROL

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2022, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de FEBREIRO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil oitocentos setenta e seis euros con setenta céntimos (2.876,70 €), correspondendo mil catrocentos un euros (1.401,00 €) a libre concorrencia e mil catrocentos setenta e cinco euros con setenta céntimos (1.475,70 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 9 de marzo de 2022 .- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0539

**TABOADA***Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de 10.03.2022 aprobou convocatoria e as **“BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN DE 2 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRAS PARA O CONCELLO DE TABOADA XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 4 MESES.”**.

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será de 4 meses na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.
- Xornada: completa.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 1.166,67 € incluíndo o rateo das pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
- oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 11 de marzo de 2022.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0540

*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE TABOADA. Exp. G98/2021.**

Corrección de erro:

No Bop nº 32 de data 9 de febreiro de 2022 publicouse o seguinte anuncio:

<<Polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 28 de decembro de 2021 aprobouse incoar expediente de investigación da titularidade do ben con referencia catastral 27060A0143005390000EL.

Dando cumprimento a dito acordo sométese o expediente a información pública polo prazo de 1 meses contado a partir do día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal poderá ser examinado por calquera interesado nas oficinas municipais , e formular as reclamacións e suxerencias que estime pertinentes.

Transcorrido este prazo sen producirse reclamacións, a aprobación devirá definitiva.>>

Detéctase erro na transcripción da referencia catastral, sendo o anuncio correcto:

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 28 de decembro de 2021 aprobouse incoar expediente de investigación da titularidade do ben con referencia catastral 27060A143005390000EL.

Dando cumprimento a dito acordo sométese o expediente a información pública polo prazo de 1 meses contado a partir do día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal poderá ser examinado por calquera interesado nas oficinas municipais , e formular as reclamacións e suxerencias que estime pertinentes.

Transcorrido este prazo sen producirse reclamacións, a aprobación devirá definitiva.

Taboada, 11 de marzo de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0541

**O VALADOURO***Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2022**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 09 de marzo de 2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2022 polo importe total de 6.194,97€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 17 de marzo de 2022.- O Alcalde, Admundo Maseda Maseda.

R. 0542

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o pasado 9 de marzo de 2022, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 2º semestre de 2021, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003,)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 10 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0543

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICO DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/25760-1**

La Unidad de Carreteras del Estado en Lugo, con N.I.F. \*\*\*7002\*, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la rehabilitación y ampliación del puente situado en la carretera la N-640, P.K. 59, en el T.M. de Meira (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email [registro.lugo@chminosil.es](mailto:registro.lugo@chminosil.es)

Lugo, 11 de marzo de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0544

---